

RESUMEN-ESQUEMA GUÍA PARA COMENTARIO DO PLANO URBANO

Antes de nada: definición de plano urbano + indicar de que cidade se trata, en que provincia e CCAA se ubica.

1. A **SITUACIÓN** da cidade respecto a súa contorna.
2. O **EMPRAZAMENTO**. Os determinantes topográficos (físicos) que inflúen na localización dunha cidade: accidentes xeográficos, provisión de auga (ríos), etc.
3. **TRAZADO (morfoloxía) urbana:** Tipos de plano
 - a. Irregular
 - b. Ortogonal ou cuadrículado
 - c. Radioconcéntrico
 - d. Lineal
 - e. Mixto (combinación de varios tipos de planos cando se nos mostran varias pezas da estrutura urbana).
4. **ESTRUTURA urbana**
 - a. **Cidade preindustrial:** **Casco antigo** ou histórico (plano irregular). Edificios históricos e emblemáticos (localización e función).
 - **Cidade romana:** plano ortogonal (modificado na Idade Media), foro no centro, dúas vías principais (cardo e decumano), perímetro rodeado de murallas.
 - **Cidade medieval:** plano irregular e laberíntico, perímetro rodeado de murallas e portas monumentais. A Catedral no centro.
 - Na **idade moderna** constrúense as prazas maiores no casco antigo, das que partían novas rúas maiores rectilíneas. Na praza maior instálase o concello e no seu interior colócase o mercado.
 - b. **Cidade industrial** desde finais do século XIX (plano ortogonal): **O ensanche**
 - **Ensanche burgués** (anexo ao casco antigo) e grandes vías.
 1. Zona residencial de clase media/alta
 2. Superficies comerciais medianas e de luxo
 - **Os barrios obreiros** arredor do ensanche e ao longo das vías de comunicación.
 1. Estación de ferrocarril
 2. Antigas industrias e barrios obreiros
 3. Novos espazos públicos (parques e zonas verdes)
 - b. **Periferia** desenvólvese na segunda metade do século XX:
 - **Áreas residenciais:**
 1. **Barrios obreiros ou barrios dormitorios** construídos entre 1950-1970. Bloques mazá de edificios de protección oficial (desde o “desarrollismo” dos 60) que forman os novos barrios obreiros de clase baixa.
 2. **Barrios ou urbanizacións residenciais de clase media/alta** (desde os 80) que seguindo a filosofía da cidade xardín (traer o campo á cidade) teñen xardíns entre os bloques. Poden ser poligonais ou de mazá pechada. Vivendas unifamiliares de clase media/alta na zona máis periférica.
 3. **Barrios marxinais**. Son áreas de urbanización marxinal con chabolas construídas sobre só ilegal
 - **Áreas industriais:** Polígonos industriais e parques tecnolóxicos
 - **Áreas de servizos ou equipamento:**
 1. Servizos educativos (zonas escolares) e sanitarios (hospitais).

2. Grandes superficies comerciais e de lecer.

Conclusión: moi brevemente, modificacións introducidas pola cidade postindustrial.

PRÁCTICO 1. COMENTARIO DUN PLANO URBANO: BARCELONA, MADRID

Neles comentarase a morfoloxía e a estrutura urbana

COMENTARIO: O PLANO URBANO DE MADRID

